

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 15.06.2018

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 15 de xuño de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.


A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 29854 (10/CPC-000051)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da Sra. directora da Axencia de Turismo de Galicia para informar sobre os resultados do Estudo de impacto socioeconómico do Camiño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018

Punto 2. Preguntas orais

- 2.1 23008 (10/POC-003798)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre as medidas que está a pór en marcha a Xunta de Galicia para activar servizos e incentivos específicos, así como para facilitar a localización de oportunidades de mellora e a aplicación de sistemas e solucións TIC nas empresas dos principais sectores estratéxicos da economía galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 246, do 24.01.2018
- 2.2 26950 (10/POC-004374)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e 2 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar o pechamento e manter os postos de traballo da empresa Transportes Souto, con sede en Mos, e as medidas adoptadas para garantir o cumprimento por esta das obrigas adquiridas na concesión da axuda recibida de Xesgalicia, así como as que vai adoptar para asegurar o cumprimento dos seus compromisos futuros coas administracións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018
- 2.3 28117 (10/POC-004530)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia en relación coa actividade mineira da empresa Pizarras Veira do Río S. L. no concello de



Mondoñedo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 285, do 28.03.2018

2.4

28548 (10/POC-004586)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgún estudo da situación actual da calidade das augas das canles existentes no contorno da antiga mina de cobre San Rafael nos concellos de Touro e do Pino, así como das captacións e conducións de auga que hai na zona, os plans de seguimento e control levados a cabo e as medidas adoptadas ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 11/06/2018 13:50:09

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día


1.1 29854(10/CPC-000051)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. directora da Axencia de Turismo de Galicia para
informar sobre os resultados do Estudo de impacto
socioeconómico do Camiño

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018



23/04 2018 13:43 FAX 00981541211



0001/0001



Num. 29854



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6º, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo -da directora da Axencia Turismo de Galicia- para informar sobre **"os resultados do Estudio de Impacto Socioeconómico do Camiño"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por GARCÍA SEROPÍANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data: 16/04/2018 19:03:00

Presidente do Parlamento de Galicia

CVE: W6183UBDM
Verificador: <https://sede.xunta.gal/cve>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 23008(10/POC-003798)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre as medidas que está a pór en marcha a Xunta de Galicia para activar servizos e incentivos específicos, así como para facilitar a localización de oportunidades de mellora e a aplicación de sistemas e solucións TIC nas empresas dos principais sectores estratéxicos da economía galega

Publicación da iniciativa, 246, 24.01.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 10:15
Nº Rexistro: 23008
Data envío: 15/01/2018 10:15:57.131

A Mesa do Parlamento

Moisés Blanco Paradelo, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández e Sandra Vázquez Domínguez, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Coa intención de promover a implantación da Industria 4.0 en varios sectores estratéxicos da economía galega, o Clúster TIC e a Xunta de Galicia impulsaron a elaboración de diferentes Plans Sectoriais para analizar o potencial e as necesidades de mellora competitiva que as TIC poden achegar ás empresas galegas en materia de conectividade, dixitalización, Big Data, e o Internet das Cousas.

As conclusións foron claras, destacando a necesidade de apostar pola especialización con solucións TIC específicas para cada sector; a cooperación para crear alianzas estratéxicas; e o pensamento global, deseñando produtos que poidan ser exportados.

Dende o Grupo Popular estamos convencidos de que a dixitalización debe estar integrada, dunha forma importante e constante, en todos os sectores estratéxicos galegos, e por iso consideramos que o sector TIC ten que ser unha peza chave no percorrido da industria galega cara á Industria 4.0, que poida ser máis competitiva e xerar novas oportunidades laborais.

Tendo en conta as conclusións extraídas dos Plans Sectoriais anteriormente citados, e coa intención de avanzar na modernización e innovación tecnolóxica do tecido empresarial galego sería moi positivo a transmisión destas e outras experiencias a todos os sectores estratéxicos de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas está poñendo en marcha a Xunta de Galicia para activar servizos e incentivos específicos e facilitar a localización de oportunidades de mellora e a aplicación de sistemas e solucións TIC nas empresas dos principais sectores estratéxicos da economía galega?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 10:15
Nº Rexistro: 23008
Data envío: 15/01/2018 10:15:57.131

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 15/01/2018 10:12:23

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/01/2018 10:12:30

Maria Antón Vilasánchez na data 15/01/2018 10:12:37

María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2018 10:12:43

Marta Novoa Iglesias na data 15/01/2018 10:12:50

Cristina Isabel Romero Fernández na data 15/01/2018 10:12:57

Sandra Vázquez Domínguez na data 15/01/2018 10:13:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 26950(10/POC-004374)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar o pechamento e manter os postos de traballo da empresa Transportes Souto, con sede en Mos, e as medidas adoptadas para garantir o cumprimento por esta das obrigas adquiridas na concesión da axuda recibida de Xesgalicia, así como as que vai adoptar para asegurar o cumprimento dos seus compromisos futuros coas administracións

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García e Manuel Lago Peñas, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Transportes Souto, unha das principais redes de paquetería industrial da Península Ibérica, solicitou a entrada en concurso de acredores o día 16 do presente mes. A empresa, con sede en Mos, suma 40 delegacións na Península e Baleares e 650 traballadores e traballadoras ao seu cargo, máis os autónomos e as empresas auxiliares subcontratadas, que fan un total de 1.500 traballadores e traballadoras. O concurso foi solicitado despois de que Abanca rexeitase a renovación das pólizas de crédito da empresa.

O ano pasado Transportes Souto recibiu o apoio da Xunta a través de Xesgalicia, que avalou o seu plan de negocio para o período 2017-2022. Foi grazas ao apoio do Goberno autonómico que a empresa logrou refinar a súa débeda cun crédito de 2 millóns de euros.

Como compensación pola axuda, Xesgalicia e Abanca impuxeron a Transportes Souto unha serie de obrigas que foron sistematicamente incumpridas. A compañía comprometeuse a desenvolver un plan de desinversións para mellorar a súa liquidez, a simplificar a súa estrutura e a que os seus socios e socias fixeran unha aportación de fondos que engrosase a nova financiación bancaria, pero faltou á súa palabra, en gran medida porque a Xunta non fiscalizou como debera.

Transportes Souto nin sequera foi quen de presentar un plan de negocio convincente, algo estraño tendo en conta que se trata dunha empresa con medios



suficiente para cumprir os seus compromisos. Teñamos en conta que se trata dunha compañía que opera con 356 vehículos de ruta e 725 unidade de reparto, e que ten á súa disposición 120.000 m² de instalacións en España e Portugal. Iso por non mencionar que o Grupo PSA é un dos seus principais clientes.

Así as cousas, a dirección comunicou xa a súa intención de conceder vacacións aos traballadores e traballadoras mentres negocia un ERE co obxectivo de evitar a suspensión de pagos. Ten catro meses por diante para logralo.

Os traballadores e traballadoras fai tempo que temían algo semellante, xa que en decembro non lles foron pagadas nin a mensualidade nin a extra. Ante esta dura situación, confían en que, polo menos, os empregos perdidos sexan subrogados noutras compañías do sector.

Cómpre actuar de inmediato para protexer ás persoas que afrontan o risco do desemprego e para evitar que a compañía aproveite o rebumbio para levar a cabo un alzamento de bens, tal e como vén de denunciar CCOO.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que vai facer a Xunta de Galicia para evitar o peche de Transportes Souto? E para preservar o emprego dos seus traballadores e traballadoras?
- Que medidas adoptou a Xunta para asegurarse de que Transportes Souto cumpría coas obrigas impostas tralo apoio de Xesgalicia?
- Como é posible que Transportes Souto non atendera as súas obrigas? Que fallou?
- Que vai facer a Xunta de Galicia para asegurarse de que Transportes Souto cumprirá cos compromisos futuros coas administracións?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 13:59
Nº Rexistro: 26950
Data envío: 26/02/2018 13:59:41.699



- A Xunta de Galicia ten razóns para pensar que Transportes Souto pode estar acometendo un alzamento de bens?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Manuel Lago Peñas

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 26/02/2018 13:46:43

Antón Sánchez García na data 26/02/2018 13:46:51

José Manuel Lago Peñas na data 26/02/2018 13:46:58

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 28117(10/POC-004530)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia en relación coa actividade mineira da empresa Pizarras Veira do Río S. L. no concello de Mondoñedo

Publicación da iniciativa, 285, 28.03.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 12:40
Nº Rexistro: 28117
Data envío: 19/03/2018 12:40:42.883

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza en relación á actividade mineira da empresa Pizarras Veira do Río S.L no Concello de Mondoñedo.

En resposta á pregunta formulada na Comisión 6ª polo grupo parlamentario do BNG, o 15 de marzo de 2018 en relación coa actividade mineira da empresa Pizarras Veira do Río S.L no Concello de Mondoñedo, o Director Xeral de Minas sinalou que a súa área de goberno adoptou unha serie de medidas en relación ás reiteradas denuncias e queixas veciñais polos prexuízos que causa a actividade desenvolvida nas louseiras das Revas e Ampliación das Revas.

Referíase na altura o director xeral á aprobación dunha orde de servizos de inspección para avaliar o cumprimento da legalidade no exercicio da actividade mineira.

Transcorrido o tempo, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos saber cal está a ser o resultado das actuacións do goberno.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 12:40
Nº Rexistro: 28117
Data envío: 19/03/2018 12:40:42.883

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

- Cal é o resultado da acta levantada en relación aos traballos de explotación mineira da empresa Pizarras Veira do Río S.L.?
- Ten detectado a Xunta de Galiza algún incumprimento?
- Comunicoulle o Concello de Mondoñedo o informe no que acorda a ineficacia da comunicación previa remitida por Pizarras Veira do Río S.L. en 2016?
- Que medidas adoptou ou prevé adoptar a Xunta de Galiza ao respecto?

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 12:40
Nº Rexistro: 28117

Data envío: 19/03/2018 12:40:42.883

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/03/2018 12:38:26

María Montserrat Prado Cores na data 19/03/2018 12:38:31

Ana Pontón Mondelo na data 19/03/2018 12:38:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/03/2018 12:38:34

Olalla Rodil Fernández na data 19/03/2018 12:38:36

Xosé Luis Bará Torres na data 19/03/2018 12:38:37

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 28548(10/POC-004586)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgún estudo da situación actual da calidade das augas das canles existentes no contorno da antiga mina de cobre San Rafael nos concellos de Touro e do Pino, así como das captacións e conducións de auga que hai na zona, os plans de seguimento e control levados a cabo e as medidas adoptadas ao respecto

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 10:07
Nº Rexistro: 28548
Data envío: 28/03/2018 10:07:15.010



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco, Xoaquín Fernández Leiceaga e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A actividade mineira debe de ser moi escrupulosa á hora de preservar o medio ambiente e minimizar os impactos ambientais da actividade. Lamentablemente non é a situación que arrastra a explotación de Cobre San Rafael. Estamos a falar dunha antiga mina de cobre entre os municipios de Touro e O Pino empregada agora como depósito para extraer material de construción, a expensas de obter os permisos necesarios para sacar de novo cobre.

Falamos dun xacemento que é zona mineira en uso desde o pasado século XIX. Estivo operativo como mina de cobre entre os anos 1973 e 1986. Estes anteriores episodios de minería metálica en Touro xa provocaron un problema ambiental de case imposible solución en augas superficiais e subterráneas que levan a que ríos como o Brandelos, Laña, Pucheiras, Felisa e Portapego teñan sufrido os seus efectos, o que levou xa ao Defensor del Pueblo no 2015 a reclamar á Xunta de Galicia unha actuación eficiente polo desastre ambiental xerado pola actividade extractiva.

O certo é que as actuacións da Xunta de Galicia nos labores de vixilancia e control teñen deixado moito que desexar, como veñen sinalando os veciños. Os socialistas consideramos que non se poden autorizar novas explotacións mineiras sobre terreos mineiros que continúan supoñendo importantes agresións medioambientais.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia da obrigaón de eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga explotación mineira de Touro?
2. Ten realizado a Xunta de Galicia un estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas palas escorrentías da antiga explotación?
3. Cales teñen sido os plans de Control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga explotación?
4. Ten feito a Xunta de Galicia un estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas existentes neste ámbito?
5. É consciente a Xunta de Galicia que o antigo Proxecto de Abandono da Explotación nos anos oitenta se incumpriu de maneira evidente?
6. Ten constancia a Xunta de Galicia dos proxectos de carácter municipal levados a cabo en zonas da anterior explotación mineira non recuperadas medioambientalmente?
7. Ten tomado algunha medida ante estas actuacións?
8. De telas tomado, cales teñen sido estas medidas?
9. Ten a Xunta de Galicia deseñado e executado medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga explotación mineira ata alcanzar os niveis normativos?

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Xoaquín Fernández Leiceaga
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 10:07
Nº Rexistro: 28548

Data envío: 28/03/2018 10:07:15.010



 [Grupo Parlamentario](#)

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/03/2018 09:50:01

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/03/2018 09:50:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/03/2018 09:50:19

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/03/2018 09:50:24

Partido dos
Socialistas
de Galicia
